



Mércores, 08 de outubro do 2014

Paula Carballeira e Celso Fernández Sanmartín pecharon o IX ciclo Escritoras/es na Universidade

Tradición oral fronte ás “xeadas tecnolóxicas”

Os contacontos defenderon a necesidade das persoas de contar e escoitar sen pantallas por medio

D. Besadío | Vigo

A sociedade vai cambiando e con ela cambian tamén o xeito de contar historias, pero a necesidade das persoas de contar e ser escoitados sempre estará aí, independentemente de todos os avances tecnolóxicos que os novos tempos traian consigo. “Fronte ás xeadas tecnolóxicas, tradición oral”, así de contundentes se amosaron este mércores na Facultade de Filoloxía e Tradución Paula Carballeira e Celso Fernández Sanmartín, dous nomes de referencia no panorama cultural galego, dous contacontos que unen á súa faceta de narradores orais, outras como a literatura e o teatro, no caso de Carballeira, ou a poesía, na de Fernández Sanmartín.

É posible contar ao carón da lareira en tempos dixitais? Existen novas linguaxes na oralidade? Estas foron as dúas preguntas que trataron de responder os dous coñecidos contacontos galegos, encargados nesta ocasión de pechar a novena edición do ciclo Escritoras/es na Universidade, actividade organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución, un ciclo que trouxo ata o campus vigués variadas reflexións de escritoras e escritores galegos que tentaron dar resposta a unha pregunta común: *Como escribir o futuro?*

De ti a ti

“Co *boom* do contacontos como espectáculo cada vez cóntase menos como se contaba antes, a nivel máis familiar ou íntimo, e isto coincidiu no tempo con todo o despegue de Internet e as novas tecnoloxías”, subliñou Carballeira, que fixo fincapé en que a necesidade de contar e escoitar é inherente ao ser humano e, independentemente de todos os avances tecnolóxicos, as persoas sempre terán a necesidade de que lle conten historias. “No mundo infantil é unha necesidade moi obvia, pero tamén a xente adulta necesitamos que nos conten historias e sentirnos máis humanos”, recalcou a autora, coñecida tamén polos seus papeis en series de ficción para a TVG (*Libro de Familia*, *Pepe O inglés...*).

“A xente precisa que lle conten historias outras persoas de xeito directo, non só a través dos medios audiovisuais, que é unha maneira de espectador moi pasiva, mentres que cando contas un conto hai un ouvinte e a participación na historia é moito máis activa”, recalcou a narradora, ao que Fdez Sanmartín engadiu que “pasará este *boom* dos aparellos tecnolóxicos, aínda que só sexa por necesidade física de estar fronte a quen che conta e de ti poder contar”.

Galicia e a tradición oral

Ao respecto de se os galegos teñen unha especial predilección por fabular outros mundos, Carballeira fixo fincapé no carácter rural e disperso de Galicia, “onde, ademais, temos aínda moi recente a oralidade, tanto como transmisión de coñecemento como unha particular maneira de enfrontarse ao mundo, e todo isto mesturado si que nos dá un carácter particular”, ao que engadiu que, “non podemos esquecernos que vimos dunha sociedade economicamente pobre, onde había dificultades para chegar a fin de mes, e tamén moi vinculada ao campo e, todo xunto, é un excelente campo de cultivo para as historias”.

En relación tamén a esta forte vinculación co mundo rural Celso Fernández Sanmartín, coñecido como Celsiño, lembrou como nas aldeas a conversa era algo que se presupoñía, “un simple saúdo traía consigo conversar un migallo e, se ben penso que as aldeas perderon en certa maneira ese carácter estase a recuperar nas cidades, onde a cousa vai por barrios”, subliñou o autor.

A non distinción por idades foi outro dos aspectos no que os autores tamén fixeron fincapé, resaltando o feito de que no momento en que se contaba unha historia había presentes varias xeracións e non foi ata a renovación pedagóxica, para o ensino sobre todo, que se empezaron a distinguir franxas de idade. “Tradicionalmente o lugar de contar no que o neno aprendía os relatos, tanto os contos da literatura herdada como as historias de vida, era o propio fogar, e ninguén estaba exento, nin da historia nin das persoas que os contaban”, subliñou Fernández Sanmartín.